



Confederación Inter Sindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA DE CAMPAÑA DE RENDA

A CIG, como o resto da parte social, decidiu non asinar a proposta para a campaña de renda. Xa estaba visto que a AEAT non pretendía chegar a ningún acordo cando a campaña xa está case en marcha, se están a dar os cursos e aínda por riba pretenden "vender" un acordo como moi bó cando non se recolle case ningunha das nosa peticións:

- **Non recoñece que a campaña comeza en abril**, xa co borrador
- **Non se paga ao persoal que participa cunhas retribucións xustas**. Os prezos/ hora que oferta a AEAT son os mesmos que os da campaña do 2007
- **Non se respecta o horario de atención ao público**, pretendendo dar citas durante 5 horas e media na xornada de mañá. Tampouco se establece un tempo suficiente, entre a xornada de mañá e tarde, para comer.
- **Non se establecen criterios uniformes** para a organización da campaña, senón que se deixa ao "libre albedrío" de cada Delegación.
- **Non se fan cursos de reciclaxe suficientes** e os que hai son de pouca duración. A última ocorrencia son os cursos por videoconferencia....
- **Non se valora que hai rendas de especial dificultade** para as que os 15 minutos da cita son insuficientes.
- **Non se comprometen a poñer**, por escrito, os tempos de descanso que marca a normativa vixente
- **Non recoñece a importante labor dos compañeiros de informática**, que deberían formar parte dos equipos de renda
- **Non se conta, tampouco, con que hai moitos funcionarios que, sen participar na campaña, ven aumentar a carga de traballo sen ningunha compensación.**
- **Non se reforzan os postos de atención ao público** (información, censos...etc)

Como xa vedes, hai mil razóns para que non respaldemos a proposta da AEAT. O que tampouco se pode consentir é a chantaxe á parte social para que se asinara a calquera prezo. Un ano máis, a campaña sairá adiante, pero non grazas aos seus dirixentes, senón ao sacrificio do seu persoal.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM